



**Alfonso X el Sabio (2014): *Lapidario. Libro de las formas e imágenes que son en los cielos*. Introducción, texto, aparato crítico y estudio crítico de Pedro Sánchez-Prieto Borja. Madrid: Fundación José Antonio de Castro (col. Biblioteca Castro), xxxvi + 484 pp.**

A FUNDACIÓN José Antonio de Castro vén de publicar un novo e imprescindible capítulo da inxente produción cultural de Afonso X, esta vez relativa á fascinación do rei Sabio polo coñecemento científico e astrolóxico, nomeadamente as propiedades das pedras (*Lapidario*) e o ámbito das artes máxicas (*Libro de las formas e imágenes*). Con anterioridade, a Biblioteca Castro xa publicara o *Libro de los juegos: acedrex, dados y tablas*, así como o *Ordenamiento de las tafurerías* (2007, ed. Raúl Orellana Calderón) e, por suposto, a espléndida edición íntegra da *General estoria* (2009, 10 vols.), coordinada por Sánchez-Prieto Borja. A publicación estrutúrase en dous bloques principais: a propia edición do *Lapidario* (pp. 3-326) e do fragmento do *Libro de las formas e imágenes* (pp. 327-392), e o estudo crítico (pp. 394-483), do que xa se nos avanza parte da información nunha introdución inicial (pp. xxi-xxxvi). Esta última, como o propio editor declara, constitúe un achegamento en clave cultural «destinado al “curioso lector”» (p. xxi) interesado en coñecer, desde unha perspectiva máis global e non exhaustiva, o contido dos textos e a súa importancia no campo do saber científico do mundo medieval e o seu legado posterior. É de agradecer este esforzo inicial para achegar dunha maneira máis divulgativa e ilustrativa (non son poucos os exemplos extractados do texto) as realidades máis complexas do traballo —como a natureza en boa medida críptica do texto para o lector do século XXI, o seu proceso editorial ou a realidade manuscrita— a un público máis amplo non necesariamente experto en filoloxía, en literatura medieval ou na produción literaria do rei Sabio. Esta vontade de achegar o texto e a súa interpretación a un espectro lector máis diverso encaixa ben cos obxectivos da Biblioteca Castro e complementábase cunha edición e cun labor ecdótico non só destinado ao público especialista, pois aínda ofrecendo unha edición rigorosamente científica non se quixo renunciar a un texto comprensíbel para un lector culto (p. xxxv).

Así pois, por unha parte, nesta introdución descríbense sumariamente os contidos esenciais das dúas obras (p. xxxii), ampliados despois no terceiro capítulo do estudo crítico (pp. 420-426), tendo en conta a súa estrutura e finalidade. No caso do *Lapidario*, dividido en catro partes ou «lapidarios» (dos que só o primeiro e talvez o segundo parecen estar completos), clasifícanse primeiramente as pedras «por los grados de los signos del Zodíaco», isto é, pola influencia exercida polos trinta graos de cada un dos doce signos zodiacais, resultando un conxunto de 360 elementos integrantes do reino mineral, dos que se ofrece a súa descrición física (forma, cor, aspecto, dureza, estado), olor e propiedades medicinais ou doutra natureza. O segundo «lapidario» parte dun concepto astral diferente, organizándose polos ascendentes ou «faces de los signos», mentres que no terceiro se describen principalmente as súas «virtudes» máxicas e os efectos sobre o ánimo do ser humano. Na cuarta e última sección, moito máis reducida, aténdese a unhas poucas pedras organizadas, aínda que sen rigor, de acordo co alifato (o alfabeto árabe). Sánchez-Prieto Borja salienta nesta última sección o interese metalingüístico reflectido nas correspondencias entre linguas nos nomes das pedras, así como o contido enciclopédico, de descrición das calidades físicas e do elenco dos usos farmacolóxicos (p. 424). Este interese pode ter base nas fontes, mais tamén pode atribuírse, cando menos parcialmente, a desenvolvementos propios, actitude que encaixa coa concepción onomasiolóxica afonsina da etimoloxía, no sentido medieval do termo, como unha vía de coñecemento acerca da realidade extralingüística (p. 425). Polo que respecta ao *Libro de las formas e imágenes*, un vasto compendio de ciencia mineralóxica organizado en once tratados, os catorce folios conservados do índice abundan para coñecer, entre outras cuestións, o seu carácter esotérico como prontuario de sortilexios, feitizos e propiedades máxicas das pedras destinados a provocar efectos positivos ou negativos sobre o ser humano e dos que o propio rei prevén no prólogo da obra recomendando o seu uso prudente.

Unha detallada descrición externa dos catro manuscritos conservados que transmiten o *Lapidario* e o *Libro de las formas e imágenes* ofrécese no capítulo quinto do estudo crítico (pp. 440-450), complementando no caso dos códices rexios (h.I.15 e h.I.16) os estudos de Domínguez Rodríguez (1984), Chico Picaza (2002), Haro Cortés (2016) e, especialmente, o de Fernández Fernández (2013)<sup>1</sup>. Para alén de capitais ilustradas, as miniaturas do *Lapidario* representan un ciclo evolutivo

<sup>1</sup> O autor deste traballo non cita o importante estudo de Laura Fernández (2013), no que se profundiza sobre diversas cuestións, entre outras, a iconografía e decoración, os copistas intervinientes nos exemplares afonsinos e os testemuños tardíos; de feito, pola proximidade nas datas de publicación, non debeu coñecelo naquela altura.

completo por diferentes épocas, e son moi rechamantes os debuxos descritivos da acción de recoller cada pedra presentada no texto, así como as rodas dos signos, de gran tamaño e non todas acabadas, que constitúen unha singularidade do taller afonsino. Para alén da iluminación, resulta de particular interese saber, no caso do *Lapidario*, que o corpo orixinario do códice non se conserva pola mutilación de até dezaseis follas (o manuscrito conserva hoxe 118 folios, mais o orixinal tiña 135), así como que o terceiro e o cuarto lapidario presentan unha diferente factura do punto de vista material (a partir do fol. 102r emprégase un pergamiño diferente), ornamental e organizativo<sup>2</sup> (non teñen capitais, mais si caldeiróns en tinta azul e vermella, e a decoración faise coa cor oposta), o que permite identificar este bloque (fols. 102-119) como unha sección engadida nalgún momento posterior á confección dos dous primeiros lapidarios. Canto ao ms. h.I.16, confeccionado coa mesma calidade pergamiñácea que o *Lapidario* e do que só se conservan dous cuaternións, resulta crucial a presenza dunha serie de apuntamentos numéricos que parecen indicar a correspondencia e extensión das once seccións que integran o texto, o que probaría que o códice si se chegou a completar no momento da súa confección. A causa desta desaparición tan cuantiosa é descoñecida, aínda que hai quen conxectura que podería estar relacionada co encargo dunha tradución francesa do *Libro de las formas* por parte do duque Jean de Berry (1340-1416) citada no catálogo de 1373 da Biblioteca de Carlos V de Francia; ambos os dous foron afervoados simpatizantes da ciencia astrolóxica (García Avilés 1997). Porén, o feito de os números engadidos no índice seren máis modernos apunta a que a desintegración do códice foi posterior (p. 450), e talvez o receo en época postafonsina pola ciencia astral e a produción astrolóxica máis críptica e esotérica puido estar detrás desta mutilación (p. 405). A relevancia da descrición codicolóxica non se esgota coa presentación dos códices rexios, pois as copias tardías do *Lapidario* revisten tamén o seu interese, especialmente no caso do exemplar misceláneo conservado na Biblioteca Nacional de Madrid (ms. 1197b), que presenta miniaturas atribuídas a Alonso de Berruguete, algunhas delas no terceiro lapidario, a diferenza do códice rexio, o que supón consideralas ben como innovacións da copia ou ben como representantes dun outro modelo afonsino hoxe descoñecido (p. 446). Para a copia do Escorial &.II.16 véxase agora o estudo interpretativo de Pasero Díaz-Guerra (2017). Por último, aínda que non causa sorpresa, resulta suxestivo que os dous códices rexios (e tamén o *descriptus* escurialense do

<sup>2</sup> Cómpre engadir as diferentes mans que traballan neste bloque (cf. Fernández Fernández 2013), así como as particularidades gráfico-lingüísticas que tamén parecen individualizar estas dúas últimas seccións (Fernández-Ordóñez 2016: 353).

ms. h.I.15) orbitaran o entorno señorial dos Mendoza<sup>3</sup> entre os séculos xv e xvi, nomeadamente o bibliófilo Diego Hurtado de Mendoza no caso do *Lapidario* e dunha das súas copias tardías (realizada presumibelmente nese mesmo escritorio), e o poeta e diplomático Diego Hurtado de Mendoza y Pacheco (1503-75) no caso do *Libro de las formas e imágenes*. No caso do *descriptus* da BNE, a presenza das armas dos Velasco apunta a esta familia como posíbel detentora do códice, cando menos, desde o século xvi (p. 447).

No capítulo terceiro do estudo crítico (pp. 414-420, 426-30) discútese o problema da adscrición a un xénero determinado. Á marxe da visión anacrónica ou inxenua que hoxe podemos ter destes textos como pre ou paracientíficos, a vertente astrolóxica ten sido considerada tradicionalmente a dimensión máis sobresaínte do *Lapidario*, aínda que o autor deste estudo prefere encadrarlo dentro do xénero dos lapidarios antigos —especialmente no caso da primeira e máis extensa sección (o «lapidario zodiacal»)—, para os que se adoita distinguir os de carácter medicinal ou descritivo (como o Quinto Libro da *Materia medica* de Dioscórides ou o Libro XXVI da *Historia natural* de Plinio) e os de natureza hermética (estes últimos exploran a conexión entre o micro e o macrocosmos) (p. 415). Por outra parte, dun punto de vista mineralóxico, o *Lapidario* pode verse como un tratado farmacolóxico contra moitas enfermidades, integrándose, por tanto, no campo da medicina, para o que non se coñecen representantes no escritorio afonsino (como tratados de *física*, de práctica médica ou de *cirurxía*). O *Lapidario* suple parcialmente este coñecemento sinalando os usos curativos a través da correcta identificación das pedras polas súas características físicas e dos procesos físicos e químicos que nelas teñen lugar cunha certa constancia o seu estado cambiante (p. 416). Neste sentido, resulta interesante desentrañar o verdadeiro sentido e proxección da alquimia na obra afonsina, concepto que hoxe deberíamos entender como química, e da que o rei chegaría a ter coñecemento a partir da virtual tradución para o romance dunha obra chamada *Clavis sapientiae* (séc. XII), da que só se conserva a versión latina (pp. 416-420).

<sup>3</sup> Parécenos interesante apuntar ao respecto que o primeiro Conde de Feria (1408-61), Lorenzo Suárez de Figueroa, emparentado cos Mendoza (a súa nai, Elvira Laso, era filla do almirante Diego Hurtado de Mendoza), posuía na súa biblioteca un «libro del lapidario en pergamino», de acordo co inventario redactado no mesmo ano da súa morte. Sobre esta importante e pouco coñecida biblioteca, na que tamén figuran outros manuscritos de natureza científica («un libro desenquadrado que comiença sinificación de los siete planetas») ou historiográfica («libro de la General Estoria en pergamino», «libro que comiença del linaje de Ércules») de procedencia ou vinculación afonsina, véxanse os traballos de Moreno González (2014: 509-511) e Núñez Rivera (2018: 296-300).

No apartado introdutorio titulado «Los caminos de la ciencia» (pp. XXIX-XXXI) resúmense as principais ideas sobre o proceso de elaboración das obras editadas, un complexo proxecto editorial planificado cuns medios materiais e humanos sobresaíntes, para alén de contar, como é lóxico, cun horizonte de expectativas suficiente nun ambiente intelectual e cultural receptivo. Sen dúbida, o interese do entorno rexio de Afonso X pola tradición científica andalusí reflicte unha etapa máis no tránsito da antiga ciencia helenística (especialmente Dioscórides, no caso que nos ocupa) cara a Oriente, coa reformulación e tradución dos textos gregos ao persa e despois ao árabe na súa viaxe cara a Occidente. O destino final de todo este patrimonio cultural e científico (ciencia astrolóxica, *física*, cirurxía, *albeitaría*, materia lapidaria etc.) coñecería despois a súa tradución ao latín nos séculos XI-XII e posteriormente ao romanzo (séc. XIII) en cidades como Sevilla ou Toledo, onde se concentrarían sabios musulmáns e xudeus coñecedores do árabe<sup>4</sup>. Con certeza, no taller afonsino realizábanse versións directas ao vernáculo desde o árabe, traducións feitas oralmente que requirían de corrección lingüística por parte de alguén versado na ciencia da obra en cuestión, Garci Pérez no caso do *Lapidario* («e ayudól en este trasladamiento Garci Pérez, un su clérigo, que era otrossí mucho entendudo en este saber de astronomía», p. 6). Desta maneira, a armazón inicial do *Lapidario* traducírase, de acordo co prólogo, cando Afonso aínda era un infante (1243-50) para logo ser revisada e implementada con outros materiais en datas posteriores, primeiro a comezos (ca. 1252) e despois contra o final do seu reinado (ca. 1284), resultando o luxoso códice rexio que hoxe conservamos na Real Biblioteca do Escorial (h.I.15). No capítulo segundo do estudo crítico (pp. 405-414) discútense o momento de confección do prólogo, de cronoloxía tardía, no que non se mostra o ideario afonsino inicial en materia astrolóxica, mais unha visión case conclusiva e ponderada (pp. 408-409). Así pois, o *Lapidario* xorde primeiramente como unha tradución patrocinada polo rei que décadas despois será sometida a un proceso de revisión e posta en limpo, dun modo moi similar ao que acontece con *Los cuatro libros de la octava esfera*, procedentes dunha versión moi literal con base no *Libro de las figuras* de Ab al Rahman al-Sufí, feita en 1256 por Yhudá el Cohén e Guillem Arremón e despois corrixida en 1276 con axuda doutros

<sup>4</sup> É moi interesante o sucinto balance que se fai sobre o elenco de colaboradores do rei dos que se informa nos prólogos afonsinos (aínda que faltan colofóns coa información dos copistas), podéndose identificar até doce colaboradores, cinco deles xudeus coñecedores do árabe (como Rabiçag, Mosé ha-Kohén, Abraham Alfaquín ou Abraham de Toledo) e os outros sete cristiáns ou musulmáns (como Bernardo o arábigo, talvez mozárabe) (pp. 413-314). Véxase agora Martos Sánchez (2017) para o caso da perdida tradución castelá do *Fī hay'at al-cālam*, tratado cosmográfico de Ibn al-Haytam do que hoxe só se conserva unha versión latina posterior (*De configuratione mundi*).

sabios (p. 409). Testemuño dese proceso transformativo do texto do *Lapidario* é a presenza no manuscrito de glosas posteriores á tradución, revelando o traballo dun «axuntador» que compilaría e conciliaría materiais de diversa procedencia co texto traducido (p. 411). Polo que respecta á iluminación, as discrepancias entre texto e ilustración apuntan a que o modelo do *Lapidario* carecía de miniaturas, ou talvez obedezan ao diverso proceso de elaboración do manuscrito, en varias fases e coa intervención de varios artífices, tendo en conta que as miniaturas se introducíron só na versión final da cámara rexia, seguramente inspiradas noutros códices (p. 412). Tocante ao *Libro de las formas e imágenes*, o prólogo dános a entender que entre 1276 e 1279 se comezou a tradución e se pechou a posta en limpo do códice rexio (Escorial, h.I.16), polo que sería anterior ao códice vaticano da *Astromagia* (Reginense lat. 1283a) editado por D'Agostino (1992), toda vez que este parece basear o seu primeiro libro no terceiro tratado do códice escurialense (pp. 412-413, 429-430). A vinculación entre os dous proxectos é evidente pola temática e, aínda que non coñecemos o contido real do *Libro de las formas* (só a tabela inicial), a crítica adoita dar por feito que nos seus once tratados se recollen o segundo e terceiro *Lapidario* contidos no ms. h.I.15 (p. 427). O *Libro de las formas* constitúe unha obra de maior alcance por recompilatoria respecto da produción científica anterior, aínda que tamén é certo que nunha liña diferente á do primeiro *Lapidario*, o que parece apuntar a unha distancia temporal entre esta sección e as outras tres integradas no códice h.I.15 (p. 413). De acordo con Sánchez-Prieto Borja (p. 413), máis que falar de dous momentos distintos no achegamento afonsino aos lapidarios (mediados da centuria e década dos 70) haberá que pensar nun *continuum* ao longo de todo o seu mecenado (cf. Gómez Redondo 1998).

Canto ás fontes (cap. 4, pp. 430-439), o certo é que o carácter compilatorio e plural do *Lapidario* non facilita o rastrexo dos seus modelos directos, tamén estes de procedencia diversa (p. 437). En calquera caso, constitúe este texto unha excepción no conxunto das obras científicas afonsinas, pois, cando menos en aparencia, no prólogo e ao longo do texto explícanse con detalle os principais modelos textuais empregados, algúns de difícil identificación: Aristóteles (identificado co místico neopitagórico Apolonio de Tiana), Utarit (que poderá ser Utarit ibn Muhammad), «Aboláis» (presentado como tradutor do caldeo ao árabe e baixo o que se englobarían tradicións textuais da ciencia siríaca arrequentada coa iraniana e a indostánica), «Hermes» (identificado por algúns co matemático e astrólogo persa Albumasar) etc.; todos eles fornecedores da concepción astrolóxica afonsina na que se encadran as interpretacións sobre o valor das pedras (p. 430-431). Porén, os contidos de medicina e farmacopea remontarían á *Materia medica* de Dioscórides (ca. 40-90), traducida

para o latín no século v, mais coñecida principalmente na Península Ibérica polas súas versións ao árabe; algunha delas, traducida directamente do grego e talvez non realizada en Andalusí mais a través da vía siríaca-arábica, chegaría a ser coñecida e empregada por Afonso X (pp. 433, 437). Outra fonte de coñecemento nas obras afonsinas sería a *Historia natural* de Plinio, como se verifica na *General estoria* (especialmente no Levítico), mais non se cita no *Lapidario* e non é seguro que se empregara como fonte directa, toda vez que os elementos comúns con el proceden en última instancia do texto de Dioscórides (pp. 434-435). Tampouco é segura a consulta directa da *Materia medica*, atendendo ás noticias sobre xacementos de minerais en España, que talvez se deban a interpolacións ou adicións de manuscritos hispano-árabes, como a «Enciclopedia» en orde alfabética do naturalista andalusí Ibn el-Baitar de finais do século XII (pp. 436-437). Noutros casos é factíbel imaxinar o resultado da indagación en varias fontes sen que teña que postularse o auxilio directo dalgunha delas, como pode acontecer cos nomes das pedras para os que o equipo afonsino contaba cunha especial perspectiva interlingüística no ambiente cultural de Toledo e Sevilla (p. 437). No que incumbe ao *Libro de las formas e imágenes* (p. 438), malia apareceren explícitas no índice para as partes un a dez (ex. *Aboláis, Pitágoras, Plinio, Belienus, Utarit* etc), a crítica non logrou identificar a maior parte destas fontes debido principalmente á lea de tradicións textuais subxacentes ao texto afonsino. Talvez entre elas se agoche o *Liber Razielis*, do que só se conserva unha versión afonsina en latín, ou o *Gāyat al-hakīm* de Abú Maslama, coñecida a través da súa versión latina de Afonso X (o *Picatrix*) e da que houbo unha versión romance, transmitida parcialmente polo citado manuscrito vaticano da *Astromagia*. O capítulo 4 do estudo crítico atende, por último, á procedencia presumiblemente árabe do simbolismo iconográfico presente na iluminación dos dous códices rexios (pp. 438-439), que, a diferenza doutras obras nas que as miniaturas constitúen un simple ornamento visual, aquí complementan dun modo máis efectivo o texto, pois permiten visualizar os doce signos zodiacais e os trinta graos de cada un deles, mentres que as ilustracións das figuras celestes nos informan da localización exacta das estrelas que teñen influencia en cada pedra (é de agradecer nesta publicación a reprodución en cores dalgunha das miniaturas citadas).

Para alén de bosquexar os contidos, as fontes e o proceso de elaboración das dúas obras en cuestión, tamén se aproveita a introdución para xustificar o proxecto editorial da Biblioteca Castro en relación á produción afonsina, para o que a lectura do *Lapidario* e do *Libro de las formas e imágenes* é fundamental na recepción que facemos da restante obra de Afonso X, en aparencia máis racional, como acontece coa súa produción historiográfica. A transcendencia destas obras dentro do ambicioso programa intelectual do rei Sabio supón reivindicarmos a singularidade da

ciencia hispana medieval, análoga á da corte napolitana de Federico II (p. XXIII), mais tamén recoñecemos as súas raíces na frutífera integración sapiencial e lingüística das tres comunidades plenomedievais coexistentes en Alandalús e despois no reino de Castela e León, principalmente en Toledo e Sevilla (pp. XXIII-XXIV). Con certeza, a fecunda interrelación —en termos culturais— entre musulmáns, xudeus e cristiáns, reflectida nos textos e representada por antonomasia nas terras toledanas do Texo, permite combater enerxicamente a visión retronacionalista que tantas veces ten identificado a «España medieval» co proxecto reconquistador da coroa de Castela, rexeitando ou relegando a un posto moi secundario o decisivo legado da cultura árabe andalusí, malia ser incorporado sen reservas na inmensa construción científica e historiográfica de Afonso X (p. XXVII).

Moi necesaria tamén nesta breve introdución de corte máis divulgativo é a revisión da perspectiva —moitas veces anacrónica— coa que nos achegamos a este tipo de textos, a miúdo condicionada pola aparencia fantástica e esotérica de non poucos contidos que hoxe non pasarían o filtro da ciencia moderna. Eludirmos esta visión simplista e inxenua dos coñecementos transmitidos polos nosos sabios antigos supón contextualizalos no escenario intelectual de corte evemerista dos afonsinos, transversal na súa obra, e que no caso do *Lapidario* permite aprehender dunha maneira racional a especial conexión entre o micro e o macrocosmos, entre o mundo terreal e o sideral, principio que goberna o estado, as propiedades, as accións e as «virtudes» dos minerais —así como do reino humano, animal e vexetal— baixo a influencia dos astros (pp. XXV-XXVI). Pola súa parte, superando os límites naturalistas do *Lapidario*, o cariz nigromántico do *Libro de las formas e imágenes* permite comprender a figura poliédrica e heterodoxa do rei, definida por unha inherente e incombustíbel curiosidade, na procura dunha sabedoría nas fronteiras do coñecemento, capaz de influír no destino do ser humano e da natureza (p. XXIX). No primeiro capítulo do estudo crítico (pp. 395-405), desenvólvense con maior detalle todas estas ideas, atendendo primeiramente á interesante cuestión da compatibilidade entre a doutrina da igrexa e a astroloxía, para a que cómpre recoñecer unha marxe de tolerancia moi ampla, en relación a épocas posteriores, que explica a proxección dun tratado de maxia negra como o *Libro de las formas e imágenes*, heterodoxo non só con respecto á doutrina da igrexa católica, mais tamén oposta aos valores do cristianismo e do islam. O editor adéntrase na fascinante concepción afonsina do universo, cuxas raíces se afunden no concepto de «figuración» dos ceos, orixe da mitoloxía e causa última da representación das constelacións nos códices (p. 398), como se ve no *Libro de la estrellas fijas del ochavo cielo*. E neste sentido, xustifícase o maior peso na restante produción de Afonso X —especialmente nas obras historiográficas— do ámbito mitolóxico



fronte ao alegórico, para o que os sabios afonsinos asumen como propia a citada vía de interpretación evemerista pola que integran os deuses e *semideos* na propia historia humana (p. 399). É evidente que Afonso X tiña as súas reservas morais a respecto dos contidos máis cuestionábeis e turbadores, e así se reflicte no prólogo do *Lapidario*, onde se advirte dos perigos do mal uso da ciencia. Porén, a súa curiosidade e o seu interese científico ultrapasaban as restricións doutrinais e, por outra parte, un coñecemento sequera pasivo da maxia negra podería ser considerado necesario para comprender certas pasaxes das historias antigas (p. 400). Canto á transición á independencia plena de criterio reflectida no *Libro de las formas e imágenes* desde as posturas máis compatíbeis coa doutrina da Igrexa católica reflectidas no *Lapidario*, discútese o feito de que non todas as obras de astromaxia se concentran no último período afonsino, como proba a tradución ca. 1256 da versión romance da *Gāyat al-hakīm* coñecida como *Picatrix* (p. 401). Por outra parte, aínda que o interese de Afonso pola ciencia máxica, incluídos os contidos máis esotéricos, se acentuou co paso do tempo, especialmente no seu último e delicado percurso vital, convén ponderar a implicación do rei nestes textos e a posíbel ou aparente representación neles dunha vinculación entre vida e obra. As obras científicas, a diferenza da visión personalista dos textos historiográficos (*Estoria de España, General estoria*), revelan un maior grao de obxectividade e deben valorarse desde o concepto non anacrónico de «unicidade do saber» que atravesa, pese á diversidade de colaboradores, todo o programa cultural afonsino, polo que a ciencia é un *continuum* de coñecemento sobre o universo (pp. 401-402). Neste sentido, o códice vaticano da *Astromagia* permite trazar a progresión do pensamento afonsino desde o *Lapidario* sen desvíarmonos da liña de conexión astral xa bosquexada: desde a constatación da influencia dos astros sobre as pedras, pasando polas consecuencias, positivas ou negativas, das súas propiedades, e as accións que se poden executar con elas (como a creación dun talismán), até formas máis heterodoxas como as invocacións aos planetas ou os sacrificios aos deuses pagáns (pp. 402-403). Así pois, para o autor deste estudo,

Más que un Alfonso X adorador de los astros, lo que traslucen estos pasajes es una orientación astrológica impregnada de lo que podríamos llamar el principio de «simpatía» entre todas las partes del universo (una suerte de «mística helenística», según Domínguez Rodríguez 1984: 18), idea, a su vez, presente en la religión harraniana, derivación tardía del neoplatonismo sirio. Justifica el planteamiento en el que se sustenta la astrología tal y como se concibe en el ámbito siríaco primero y luego adalusi la teoría de Plotino de la irradiación de los astros, que se combina con la de las conjunciones (Vernet 1999: 99), a su vez fundamento último del «saber de astronomía» alfonsí. Y todo ello impregnado de la corriente de magia salomónica

representada por el *Liber Razielis* («del ángel epónimo Raziel», García Avilés 1997: 138). Este dió a Adán (a Noé en otras versiones) un «Libro de los secretos de Dios», que llega a Salomón. Tas es la línea de la cábala judía, sin duda conocida en el ambiente alfonsí a través de sus colaboradores hebreos (p. 404).

A proposta de edición de Sánchez-Prieto Borja contribúe, con certeza, a fixar o texto do *Lapidario* e do *Libro de las formas e imáxenes* de maneira definitiva, xa que integra todas as melloras necesarias ausentes, en diferente grao, nas edicións anteriores, que non son poucas (cap. 6 do estudo crítico, pp. 450-458). Para alén da primeira delas, decimonónica (1881, ed. José Fernández Montaña), baseada non no códice rexio mais nunha das copias tardías do século XVI (Escorial & II.16), nos últimos cincuenta anos apareceron diversas lecturas e representacións do *Lapidario* entre edicións críticas, modernizadas, transcripcións paleográficas e facsímiles, e mesmo se fixo unha tradución para o inglés (1997). A edición máis célebre é a de Rodríguez Montalvo (1981, Gredos), valiosa polas súas anotacións etimolóxicas, o vocabulario e o esforzo de identificación das pedras (implementado agora polo estudo de Corriente 2010), mais con demasiados erros de lectura (unha selección nas pp. 456-457). A partir dela a Biblioteca Virtual Cervantes ofrece desde 2004 unha «edición dixital» modernizada, aínda que só nos planos morfolóxico e gráfico-fonético (non así na sintaxe e no léxico)<sup>5</sup>. Canto á transcripción paleográfica do códice rexio, para alén da lectura de Brey Mariño como complemento do facsímile publicado por Edilán en 1982 (a mesma autora publicara en 1968 unha edición modernizada en *Odres Nuevos*), o Hispanic Seminary of Medieval Studies acolleu a coitada transcripción de Roderic C. Diman e Lynn W. Winget (1980) dos manuscritos rexios escurialenses, complementando h.I.16 con oito folios do códice vaticano da *Astromagia*. A transcripción paleográfica do *Lapidario* sería posteriormente revisada polo Grupo GITHE da Universidade de Alcalá, a cargo de Pedro Sánchez-Prieto Borja, Rocío Díaz Moreno e Elena Trujillo Belso, podendo así ser consultada en rede a lectura máis fiábel do texto naquela altura e aproveitada para estudos lingüísticos (cando menos gráfico-fonéticos) grazas á iniciativa de Francisco Gago Jover (2011), quen o tornou accesíbel na Digital Library of Old Spanish Texts xunto cunha vintena de obras afonsinas en prosa<sup>6</sup>. Nas pp. 452-455 do estudo crítico recóllese unha selección dos escasos erros ou grallas detectados na versión inicial do HSMS, algúns deles favorecidos polo traballo co facsímile (e non con base no orixinal), así

<sup>5</sup> <http://www.cervantesvirtual.com/obra/lapidario--0/>.

<sup>6</sup> <http://www.hispanicseminary.org/t&c/ac/index-es.htm>.

como algunhas desvantaxes do seu método de transcripción e presentación do texto á hora de interpretar e codificar certos aspectos problemáticos de interese ecdótico ou lingüístico, como pode ser a indistinción das diferentes intervencións coetáneas ou tardías no texto (correccións, adicións, repeticións etc.).

A disposición da proposta editorial é diáfana e podemos acceder ás diferentes partes do texto con facilidade: primeiro «lapidario zodiacal», incluído o prólogo da obra (pp. 3-248), segundo lapidario ou «Fases de los signos» (pp. 249-270), terceiro lapidario ou «Vertudes de las piedras segund el estado de las planetas» (pp. 271-294) e cuarto lapidario «por las letras del ABC arávigas» (pp. 295-326); por último, o fragmento do *Libro de las formas e imágenes que son en los cielos* editase nas pp. 327-392. Como se indica na introdución, unha das novidades formais desta edición, especialmente se a comparamos coa da *General estoria*, coordinada polo mesmo editor, é a disposición do aparato crítico en notas a rodapé (máis de 800) por vez primeira na Biblioteca Castro, o que facilita enormemente a comprensión do texto e das decisións editoriais. Este aparato ofrece as leccións rexeitadas na proposta editorial por seren erros de copia e complementase co estudo crítico final (especialmente o capítulo 7). Pola súa parte, nas epígrafes 8.6 e 8.7 (pp. 477-478) detállanse as convencións gráficas empregadas no dito aparato crítico, de entre as que queremos salientar a preocupación do editor por reflectir, na medida do posíbel, a intervención correctiva das diferentes mans coetáneas ou tardías, procurando sempre priorizar a intención autorial do texto e dando conta das leccións do manuscrito antes e despois de cada unha das ditas intervencións. Nos restantes apartados dos criterios de edición (cap. 8, pp. 475-477) compéndianse algúns aspectos particularmente relevantes para os textos en cuestión, non sendo necesario detallar todas as pautas editoriais manexadas, pois o lector interesado pode consultalas en diferentes traballos de investigación e divulgación publicados polo editor nas últimas dúas décadas, especialmente no seu ensaio sobre a presentación crítica dos textos medievais de 1998, actualizado sumariamente en 2011, e na súa edición da primeira e terceira partes da *General estoria* en 2009 (cf. tamén Sánchez-Prieto Borja 2002, 2003, 2006, 2010, 2016, entre outros). Para alén de certas cuestións relativas á nivelación de maiúsculas e minúsculas, acentuación, puntuación e segmentación gráfica, resultan fundamentais, como é lóxico, as indicacións sobre o establecemento da forma gráfica dos nomes das pedras e doutras palabras de orixe grega, siríaca, árabe ou latina, pois moitas veces estes vocábulos, por veces inventados, aparecen deturpados polo cruzamento léxico ou a má comprensión dos modelos textuais empregados. A prudencia aconsella nos casos máis conflitivos o mantemento da grafía do manuscrito, aínda nos casos de variación gráfica (ex. *Alberic / Alberich*); en troca, a intervención editorial impónse alí onde a regularización gráfica non afecta á fonética (ex. *aymant > aimant*).

Por suposto, a decisión de abordar unha nova proposta editorial do *Lapidario* e do *Libro de las formas e imágenes* non se xustifica exclusivamente na necesidade de ofrecer un texto libre de erros de transcripción e cunha forma gráfica fixada e lexíbel, mais tamén, como é lóxico, na esixencia de ofrecer unha solución fiábel a todos os problemas textuais que presentan as dúas obras; e nese sentido, pódese considerar esta a primeira edición propiamente crítica dos dous textos en cuestión. Así pois, de igual modo que na *General estoria*, a perspectiva neolachmanniana é a que prevalece nesta proposta de interpretación e comprensión editorial, que non se identifica co seguimento automático dun estema, mais coa aplicación crítica do *iudicum* sempre que é posíbel (p. 459), co obxectivo último de ofrecer unha proposta de lectura do texto xenuíno. Desta maneira, a diferenza dunha transcripción paleográfica, apta especialmente para o estudo gráfico-fonético, as outras características lingüísticas do texto (morfolóxicas, sintácticas e léxicas) poden identificarse e estudarse máis eficazmente no texto crítico, desde que as intervencións editoriais aparezan convenientemente indicadas no aparato crítico e, por tanto, non silencien a lección orixinal dos manuscritos<sup>7</sup>. Un claro exemplo do rendemento lingüístico, no plano dialectolóxico, que se lle pode tirar á presentación crítica aquí defendida encontrámolo na sucinta exposición de Inés Fernández-Ordóñez (2016: 353) na que, tras a atenta lectura da nova edición, detecta non poucas variantes que permitirían adscribir, por unha parte, o *Libro de las formas* a un castelán máis oriental, e por outra, o *Lapidario* (cando menos as tres primeiras seccións do códice rexio) a unha variedade castelá máis occidental.

É verdade que, no caso do *Lapidario* e do *Libro de las formas e imágenes*, falamos de manuscritos únicos (o valor das copias tardías do ms. h.I.15 é limitado por constituíren códices *descripti*), mais como é ben sabido ningún orixinal carece de problemas filolóxicos, mesmo se proceden da cámara rexia, pois, malia a regularidade e perfección formal e estética, non están exentos de erros, descoidos e zonas inseguras

<sup>7</sup> Concordamos con esta perspectiva, aínda que tamén se debe recoñecer, como é lóxico, que desta maneira en moitos casos ficamos totalmente condicionados pola interpretación lingüística e ecdótica do editor, sendo moi difícil rastrexar certos usos lingüísticos que dependen en gran medida da coherencia e sistematicidade —por veces imposíbel, especialmente cando xogamos cunha transmisión múltipla do texto ou cando este é moi extenso— coa que se aplican certos criterios de regularización (pensemos, por exemplo, na unión e separación de certas secuencias conflitivas como *bien quistas / bienquistas*, por citar o exemplo do editor no punto 8.3, p. 476, ou na interpunción orixinal do manuscrito cando esta nos fornece datos de interese para o estudo da sintaxe medieval). Neste sentido, por tanto, o recurso auxiliar a unha transcripción paleográfica ben codificada e etiquetada, aínda sendo unha fase previa ao resultado da comprensión integral do texto, resulta bastante útil.

(para alén de posibles deterioracións provocadas, como no caso do *Lapidario*, por humidade, fungos e outros microorganismos), e así se encarga de demostralo o editor no capítulo sétimo do estudo crítico<sup>8</sup> (pp. 459-475). Primeiro lémbrese a propia natureza da xénese do texto, no marco do complexo proceso de elaboración das obras afonsinas, desde a fase de tradución á de compilación e posta en limpo do manuscrito, o que implica, entre outras operacións, a conciliación de fontes diversas e o desenvolvemento narrativo ou descritivo de acordo co *modus operandi* xenuinamente afonsino (p. 462). No caso do *Lapidario*, como xa se indicou, en vez dun labor homoxéneo cumprido nun período puntual presuponse unha distancia temporal entre as fases antecitadas e, ademais, non hai unidade discursiva nin material entre os catro lapidarios que integran o códice, nin tampouco na súa xénese textual nin na posta en limpo do exemplar rexio. Ao longo da sección 7.1 (tocante ao *Lapidario*) deste capítulo xustificanse, primeiramente, algunhas leccións que inicialmente poden parecer deturpadas mais que son correctas en realidade, ben por seren variantes gráfico-fonéticas (exs. *sal armoniaco*, *ricios*, *lagar*, *esquenas*, *azesidat*, *trocisco*, *epiléntico*, *ribera de* ‘en la ribera de’), ben por tratarse de correccións lexítimas do propio copista (ex. *tósico* > *tóssico*). Eméndanse, en troca, as secuencias deturpadas froito dun erro ou descoido evidente, como as duplografías (ex. *retortonamiento* > *retornamiento*, *mismo mismo* > *mismo*) ou omisións involuntarias dunha letra ou signo abreviativo (exs. *esmerl* > *esmeril*, *planta* > *planeta*) ou dunha palabra (ex. «e las <que> fican mueren»); a creación de falsas palabras que dificultan a lexibilidade do texto (ex. *tamalos* > *tan malos*); as adicións espurias, motivadas ás veces por asimilación ou atracción morfolóxica (ex. «e otrosí contra toda mordedura o *ferida querida* que sea de cualquier animal tossigoso», onde *querida* é adición atraída por *ferida* no canto dunha formulación do tipo «quier que sea» ou similar); ou os erros no proceso de copia, algúns controvertidos (como no caso de *uelos* no prólogo, corrixido por *cielos*). Como é lóxico, non todas as intervencións editoriais suscitan un consenso absoluto, e así hai que atender ao *usus scribendi* para resolver certos erros involuntarios do texto (ex. *mafiesta miente* > *manfiestamente* e non *manifestamente*, *unta* > *untan*, aínda que no contexto podería aceptarse o singular como expresión de impersonalidade), ou á dedución pictográfica combinada co coñecemento lingüístico da época para identificar unha determinada secuencia deturpada (ex. *hivessos* > *liviessos* e non *diviessos*, debido á proximidade paleográfica entre *h* e *li*, para alén de a forma con *l-* ser habitual polo menos até o s. XVI). Noutras ocasións é complicado decidir se estamos diante dunha adición errónea do texto (como o caso de *todas* explicado na p. 458, a

<sup>8</sup> Cf. Fernández-Ordóñez 2016: 352-353 algunhas puntualizacións adicionais na fixación do texto crítico.

presenza da preposición en contextos como «color *de* amariello» ou «color *de* azul», ou a repetición do verbo no contexto «peró *es* de su natura *es* fría e seca», no que se podería reflectir a dupla posibilidade sintáctica na orde de palabras), en cuxo caso o editor procura non intervir. Tampouco se pode actuar perante os brancos ocasionais no manuscrito para letras árabes ou caldeas, ou outros signos que non se chegaron a trazar, talvez por descoñecemento deses alfabetos (p. 479). Ora ben, unha das cuestións máis difíciles de enfrontar, como o propio editor recoñece e tamén insiste nos criterios de edición (8.1), é a fixación dos nomes das pedras, sometidos a un valioso e problemático proceso de correspondencia interlingüística. Neste sentido, procúrase distinguir as deturpacións motivadas polo proceso de tradución (comprensión errónea do termo grego, siríaco, árabe ou romance), nas que non se intervén, dos erros de transliteración ao códice rexio, que son corrixidos e anotados no aparato crítico (véxanse varios exemplos convenientemente explicados nas pp. 471-472). Polo que respecta ao *Libro de las formas e imágenes* (7.2), discútense se os oito primeiros folios do manuscrito vaticano da *Astromagia* —non reproducidos nesta publicación debido á excelente edición de D'Agostino— son un testemuño directo da parte terceira do códice escurialense, feito que non pasa da conxectura máis alá do texto transmitido polo índice. Por outra parte, enuméranse algúns erros non infrecuentes nos códices afonsinos, como as omisións involuntarias (exs. *guadar* > *guardar*, *obeçer* > *obedecer*), en certos casos por haplografía (ex. *a quisieres* > *a qui quisieres*), ou algunhas confusións (exs. *miedo* > *viento*, *puertos* > *puercos*). Noutros casos, as reservas por comparación con outros contextos similares impiden a corrección editorial (exs. *onrador* ‘onrado’, ou os casos de posíbel expresión indefinida do suxeito en singular). Canto ás intervencións coetáneas, as correccións dunha segunda man non se admiten cando a lección orixinal é aceptábel nun contexto determinado (ex. corrección de *por* en *pora*), e no caso das lacunas textuais aprovéitanse as adicións dunha terceira man tardía cando é factíbel que o lector tomase nota a partir do texto mesmo e non dunha copia posterior (p. 474).

Con certeza, o lector interesado achará neste novo volume da colección afonsina da Biblioteca Castro unha alternativa fascinante para mergullarse no *totus orbis* afonsino, na súa particular cosmovisión, do mundo como teofanía, presidida por un indómito devezos por comprendelo todo. O *Lapidario* e o *Libro de las formas e imágenes* constitúen un verdadeiro «tesouro de coñecementos para o home do seu tempo» (p. XXVII), en palabras do autor deste traballo, Pedro Sánchez-Prieto Borja, quen nos brinda agora a posibilidade de ler a súa proposta interpretativa e comprensiva do texto a través dunha nova e definitiva edición, rigorosa e accesíbel, acompañada dun excelente estudo crítico e filolóxico no marco da materia lapidaria e astromáxica afonsina.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CORRIENTE, F. (2010): «Apostillas etimológicas a las voces orientales del *Diccionario de la Prosa Castellana de Alfonso X* de Kasten & Nitti», *Revista de Filología Española* XC, pp. 47-106.
- CHICO PICAZA, M<sup>a</sup> V. (2002): «La decoración marginal en el *Lapidario* de Alfonso X el Sabio (Escorial, ms. h.1.15)», *Reales Sitos* 151/1, pp. 2-13.
- DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, A. (1984): *Astrología y arte en el Lapidario de Alfonso X el Sabio*. Madrid: Edilán.
- D'AGOSTINO, A. (ed.) (1992): *Alfonso X el Sabio. Astromagia*. Nápoles: Liguori.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, L. (2013): *Arte y ciencia en el «scriptorium» de Alfonso X el Sabio*. Sevilla / El Puerto de Santa María (Cádiz): Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Sevilla / Cátedra Alfonso X el Sabio (Monografías de Alfonso X, 1).
- FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, INÉS (2016): Recensión do *Lapidario. Libro de las formas e imágenes que son en los cielos*, ed. Pedro Sánchez-Prieto Borja, *Revista de Filología Española* XCVI/2, pp. 351-353.
- GARCÍA AVILÉS, A. (1997): «Imágenes mágicas. La obra astromágica de Alfonso X y su fortuna en la Europa bajomedieval», en M. Rodríguez Llopis (coord.), *Alfonso X: aportaciones de un rey castellano a la construcción de Europa*. Murcia: Editora Regional de Murcia, pp. 135-172.
- GÓMEZ REDONDO, F. (1998): *Historia de la prosa medieval castellana. Vol. 1. La creación del discurso prosístico. El entramado cortesano*. Madrid: Cátedra.
- HARO CORTÉS, M. (2016): «Semblanza iconográfica de la realeza sapiencial de Alfonso X: las miniaturas liminares de los códices regio», *Revista de poética medieval* 30, pp. 131-153.
- MARTOS SÁNCHEZ, J. LL. (2017): «Traducción y transmisión de un tratado cosmográfico alfonsí: la versión castellana perdida del *Fī hay'at al-cālam* de Ibn al-Haytām», *Memorabilia* 19, pp. 91-106 (<http://rua.ua.es/dspace/handle/10045/71329>).
- MORENO GONZÁLEZ, J. M<sup>a</sup> (2014): *Educación y cultura en una villa nobiliaria: Zafrá 1500-1700*. Huelva: Universidad de Huelva.
- NÚÑEZ RIVERA, V. (2018): «Novelas *de mano*. Bibliotecas, testimonios, representaciones», *eHumanista* 38, pp. 296-314 (<http://www.ehumanista.ucsb.edu/volumes/38>).

- ORELLANA CALDERÓN, R. (ed.) (2007): *Alfonso X el Sabio. Libro de los juegos: ace-drex, dados y tablas. Ordenamiento de las tafurerías*. Madrid: Fundación José Antonio de Castro.
- PASERO DÍAZ-GUERRA, D. (2017): «El *Lapidario* cristiano del códice &-II-16 de la Real Biblioteca de El Escorial. Estudio interpretativo», *Llull: Revista de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas* 40/84, pp. 225-258.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (1998): *Cómo editar los textos medievales: criterios para su presentación gráfica*. Madrid: Arco Libros.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (2002): «Presentación», en *Editar la literatura española (Edad Media y Renacimiento) (La Coronica 30/2, Critical Cluster)*, pp. 3-22.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (2003): «Paleografía e Historia de la lengua», *Cuadernos hispanoamericanos* 631, pp. 71-90.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (2006): «La lengua como problema en la edición de textos medievales», en R. Santiago, A. Valenciano y S. Iglesias (eds.), *Tradiciones discursivas. Edición de textos orales y escritos*. Madrid: Instituto Universitario Menéndez Pidal, UCM, pp. 117-162.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (coord.) (2009): *Alfonso X el Sabio. General estoria*. Madrid: Fundación José Antonio de Castro, 10 vols.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (2010): «Problemas y propuestas acerca de los aspectos lingüísticos de la edición», en M. Arbor e A. F. Guiadanes (eds.), *Estudios de edición crítica e lírica galego-portuguesa (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, anexo 67)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 225-238.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (2011): *La edición de textos españoles medievales y clásicos. Criterios de presentación gráfica*. San Millán de la Cogolla: Cilengua, Instituto Historia de la Lengua.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, P. (2016): «Difusión del texto y criterio editorial: el caso de la *General estoria* de Alfonso X», en M. Garone Gravier, I. Galina Russel y L. Godinas (eds.), *De la piedra al pixel. Reflexiones en torno a las edades del libro*. México: Universidad Nacional Autónoma de México.
- VERNET, J. (1999): *Lo que Europa debe al Islam de España*. Barcelona: El Acanalado.

■ RICARDO PICHEL